Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 46216 (10/POC-007365)

Grupo Parlamentario de En Marea



Quinteiro Araújo, Paula e 2 máis

Sobre a avaliación que fai a Xunta de Galicia en relación cos datos reflectidos no último barómetro sobre xuventude e xénero elaborado no Centro Reina Sofía, así como os datos que posúe respecto da percepción da violencia machista entre a mocidade

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 46218 (10/POC-007366)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as medidas ou xestións levadas a cabo polo Goberno galego en relación co desabastecemento e dificultades de subministración de determinados medicamentos ás oficinas de farmacia, así como a solución que está a valorar ao respecto

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 46222 (10/POC-007367)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as actuacións previstas pola Consellería do Medio Rural en relación co tesouro xenético que supón a colección de variedades autóctonas de maceiras depositada en Guísamo e Mabegondo, así como a realización dalgún estudo de mercado referido ás súas posibilidades de futuro e de implantación

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 46224 (10/POC-007368)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre a dispoñibilidade por parte do Goberno galego dalgún plan para impulsar e apoiar a recuperación das variedades de froitas autóctonas de Galicia, especialmente de mazás, como alternativa de cultivo e de actividade económica do medio rural, así como as intencións da Consellería do Medio Rural ao respecto

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 46227 (10/POC-007369)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da autorización do proxecto de drenaxe temporal da mina de Touro presentado por Explotacións Gallegas, S.L., e a súa posible afección nos ríos Pucheiras e Brandelos

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 46242 (10/POC-007370)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre as razóns de demora que presenta o pagamento da libranza para coidados no ámbito familiar correspondente ao mes de xaneiro de 2019, así como a consideración por parte do Goberno galego da posibilidade de aumentar a súa contía

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego



- 46245 (10/POC-007371)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Toja Suárez, María Dolores

Sobre as previsións da Consellería do Mar referidas á realización dunha mostraxe aleatoria da existencia de ourizo de mar na Mariña lucense e, se é o caso, a valoración da posibilidade de permitir a súa extracción mediante mergullo con subministración de aire desde a superficie

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 46252 (10/POC-007372)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as razóns da demora e as previsións do Goberno galego respecto da continuación do procedemento sancionador iniciado pola demolición sen licenza da denominada Casa Gótica de Betanzos, situada no número 5 da rúa da Cerca, no núcleo histórico da localidade

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 46255 (10/POC-007373)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre os datos referidos ao impacto da praga da couza guatemalteca da pataca e a xestión levada a cabo polo Goberno galego ao respecto

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 46256 (10/POC-007374)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre os datos referidos ao expediente de tramitación do proxecto do parque eólico de Oleirón, nos concellos de Rois e Brión, na provincia da Coruña (Expediente IN661A 2010/12), e as previsións existentes respecto da súa execución

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 46258 (10/POC-007375)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre a valoración do Goberno galego en relación cos proxectos de construción dos parques eólicos Monte Inxerio e Gasalla, promovidos pola empresa Green Capital Power, S. L., na comarca de Ordes, así como o seu impacto social e ambiental

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 46261 (10/POC-007376)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre as razóns da demora na execución real do plan de sinalización de bateas anunciado no ano 2015, as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego desde ese ano ata setembro de 2018 e as súas previsións ao respecto

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo



- 46267 (10/POC-007377)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre os prazos previstos pola Xunta de Galicia para a licitación da contratación, mediante un acordo marco, da subministración de equipamento informático para o alumnado no marco do proxecto Abalar Edixgal e a súa execución, así como as medidas levadas a cabo para o funcionamento, mentres tanto, do programa

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 46268 (10/POC-007378)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e 3 máis

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para avaliar o custo das actividades e os indicadores de xestión dos entes instrumentais autonómicos, así como o funcionamento das axencias autonómicas, e a mellora dos seus niveis de transparencia

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 46269 (10/POC-007379)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e 3 máis

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para avaliar o custo das actividades e os indicadores de xestión dos entes instrumentais autonómicos, así como o funcionamento das axencias autonómicas, e a mellora dos seus niveis de transparencia

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 46279 (10/POC-007380)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre as causas das demoras detectadas na cobertura das baixas médicas nos servizos de comedores escolares e a posibilidade de axilizar a substitución dos profesionais

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 46285 (10/POC-007381)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vázquez Domínguez, Sandra e 6 máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego respecto da utilización e repercusión do emprego das tecnoloxías da información e da comunicación para os turistas que visitan Galicia

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 46264 (10/POC-007382)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre o coñecemento da Xunta de Galicia das obras de reforzo da ponte medieval de Sigüeiro, executadas polo Ministerio de Fomento no mes de setembro de 2018 por petición do Concello de Oroso

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos



- 46290 (10/POC-007383)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego referida á suficiencia da actual dotación de medios humanos e de recursos orzamentarios dos puntos de encontro familiar, os datos referidos aos seus gastos de mantemento e as medidas previstas ao respecto, así como a creación de novos centros

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 46295 (10/POC-007384)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e 2 máis

Sobre as razóns do incremento que rexistran as diferenzas salariais entre mulleres e homes en Galicia en relación co resto do Estado, así como as da evolución que presentan os salarios e condicións laborais das persoas mozas

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 46305 (10/POC-007385)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego dos resultados do Bono emprega automoción para o ano 2018, así como os datos ao respecto e as previsións para o futuro

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 46308 (10/POC-007386)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel e Torregrosa Sañudo, Julia

Sobre a valoración do Goberno galego referida aos problemas detectados e á situación na que se atopan as exportacións de Galicia en relación co conxunto do Estado, o seu encaixe cos obxectivos do Plan de internacionalización 2015-2020 e as actuacións previstas ao respecto

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 46309 (10/POC-007387)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e 2 máis

Sobre as medidas adoptadas polo Goberno galego para rematar coa fenda salarial de xénero e mellorar a transparencia salarial nas empresas, así como sobre as actuacións previstas para eliminar a fenda de xénero nas pensións

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 46315 (10/POC-007388)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e Sánchez García, Antón

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para permitir, de xeito excepcional, o pastoreo nos terreos do concello de Chandrexa de Queixa afectados polos incendios forestais

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes



- 46322 (10/POC-007389)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego en relación coa xestión actual e a saturación de residuos gandeiros procedentes de explotacións cárnicas intensivas nalgunhas comarcas de Galicia
Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 46323 (10/POC-007390)

Grupo Parlamentario de En Marea

Miranda Pena, Flora María e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre as razóns da evolución que presenta en Galicia o emprego relacionado co mar
Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 46331 (10/POC-007391)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a opinión do Goberno galego en relación coa necesidade de mellorar o financiamento do Sistema universitario de Galicia para garantirlle unhas condicións laborais axeitadas ao persoal das universidades, en especial, ao investigador, así como as medidas previstas ao respecto
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 46337 (10/POC-007392)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e Santos Queiruga, Carmen

Sobre os datos referidos ao convenio asinado co Institute of Fine Arts durante a viaxe oficial do presidente da Xunta de Galicia a Nova York, para a realización dun simposio destinado a promover o Camiño no ano 2020, con miras ao Ano Xacobeo 2021
Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 46338 (10/POC-007393)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e 2 máis

Sobre a valoración polo Goberno galego do posible impacto do novo expediente de regulación de emprego anunciado por Vodafone nos seus centros de Vigo e da Coruña, nos contratos asinados pola Xunta de Galicia coa empresa Plan Galicia 5G, así como as actuacións levadas a cabo ao respecto
Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 46340 (10/POC-007394)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Casal Vidal, Francisco

Sobre a avaliación da Xunta de Galicia en relación cos resultados do Plan estratéxico de impulso ao comercio galego 2015-2020, e os datos ao respecto
Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 46342 (10/POC-007395)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia



Rodríguez Barreira, María Julia e 7 máis

Sobre os datos referidos ás obras de rehabilitación que se están a levar a cabo na fachada sur da Igrexa de San Vicente do Pino, en Monforte de Lemos, así como ás actuacións que vai levar a cabo o Ministerio de Cultura no seu interior

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 46347 (10/POC-007396)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 2 máis

Sobre a política que promove a Xunta de Galicia en relación coa adquisición preferente de vivendas protexidas polo dereito de tanteo e retracto, para a súa incorporación ao parque público de vivenda, así como as previsións concretas ao respecto para os anos 2019 e 2020

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 46353 (10/POC-007397)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e 2 máis

Sobre as actuacións que vai levar a cabo a Xunta de Galicia e relación coa folga feminista do 8 de marzo de 2019, a súa posición en relación coas reivindicacións formuladas na do ano 2018 e as medidas adoptadas para o seu cumprimento

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 46359 (10/POC-007398)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e Miranda Pena, Flora María

Sobre o horizonte temporal previsto polo Goberno galego para a entrada en funcionamento do sistema de balizamento das bateas

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 46366 (10/POC-007399)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto das condicións de seguridade vial existentes na estrada PO-192, na parroquia de Bamio

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 45817 (10/POC-007325)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre as razóns da Corporación de RTVG para relegar das súas funcións como redactora a unha presentadora dos informativos da TVG, así como as previsións ao respecto

Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG

- 46021 (10/POC-007345)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela



Sobre a información emitida pola CRTVG o día 10 de febreiro de 2019 respecto das mobilizacións cidadás levadas a cabo en Madrid, en relación con diversos aspectos da política nacional, así como en Santiago de Compostela en relación coa xestión do sistema sanitario de Galicia
Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG

- 46034 (10/POC-007351)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a cobertura informativa dada o 10 de febreiro de 2019 en *Telexornal Mediodía*, da CRTVG, á manifestación cidadá en defensa da sanidade pública

Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2019

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º



Á Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, Marián García Míguez, Martín Fernández Prado, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

O sector conserveiro galego é un segmento moi relevante e arraigado no tecido industrial galego, que supón o 7,3% do valor engadido bruto da súa industria manufactureira e o 3% do seu produto interior bruto.

Nas últimas décadas someteuse a un importante esforzo de reestruturación, de inserción nos mercados internacionais e de modernización das súas infraestruturas. Eidos aos que contribuíu o Plan Estratéxico da Industria Conserveira Galega Horizonte 2020.

Galicia é a primeira rexión europea e a segunda mundial na produción de conservas de peixe e marisco, cun peso do 86,5% do volume producido a nivel estatal e o 80% do seu valor económico.

No eido da comercialización, acadáronse cifras récord como os 2.000 M € de exportacións ou o aumento de máis do 6% no volume de facturación respecto a 2016. É por iso que a Consellería do Mar reflicte, no último orzamento, a súa aposta pola comercialización dos produtos do mar cunha suba de máis do 4% da partida destinada a mellorar a valorización dos produtos do mar; un incremento de máis do 5% da partida destinada a axudas ás PEMES da transformación dos produtos do mar; e un afianzamento da partida destinada a blindar a participación de Galicia en eventos expositivos internacionais, próxima aos 9 M €.

Conscientes de que a Xunta de Galicia aposta por mellorar a competitividade do sector conserveiro en termos de comercialización e internacionalización, os deputados deputadas asinantes formulan as seguintes preguntas orais en comisión:

- Que balance fai da evolución da capacidade exportadora do sector da conserva nos últimos anos?
- Que resultados están a achegar as achegas da Xunta de Galicia para este sector?

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2.019.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 07/02/2019 18:34:02

María Ángeles Garcia Míguez na data 07/02/2019 18:34:20

Martín Fernández Prado na data 07/02/2019 18:34:28

Alberto Pazos Couñago na data 07/02/2019 18:34:42

Marta Rodriguez Arias na data 07/02/2019 18:34:54

María Soraya Salorio Porral na data 07/02/2019 18:35:08

Daniel Vega Pérez na data 07/02/2019 18:35:15

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



Á Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, Marián García Míguez, Martín Fernández Prado, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

Galicia é a principal potencia europea en captura de quenlla. Xunto con Portugal conta co groso da flota palangreira de superficie que se dedica á captura destas especies, pero nos últimos anos a súa capacidade foi minguando. Ademais do alto custo do combustible, o principal motivo desta perda foi a entrada en vigor da normativa comunitaria que prohibe o corte de aletas de quenlla a bordo no 2013.

Galicia cumpre a lexislación en vigor. Se ben é certo que o seu proceder é sostible e responsable, é unha práctica que lle resta competitividade, en tanto en canto esta prohibición non está estendida ao resto de flotas mundiais (entre as que dalgunhas é ben coñecido que si practican o *finning*), o que provoca que existan diferentes condicionantes, segundo a procedencia de cada flota.

A flota galega aproveita integramente o peixe xa que, ademais de ser alimento, a pel utilízase para artigos de coiro e xelatina; as espiñas para cosméticos, provisións médicas e fertilizantes nitroxenados; as vísceras para aceites de lubricantes; e os dentes para accesorios.

Na actualidade o sector vive unha certa calma, xa que aos prezos estables ou altos das súas principais capturas, súmase un combustible que, sen ser baixo, non alcanza as cotas daqueles anos.

Conscientes de que a Xunta de Galicia defendeu á flota palangreira de superficie galega e a súa actividade sostible e responsable na captura de quenlla, os deputados e deputadas asinantes formulan as seguintes preguntas orais en comisión:

- Considera que a flota palangreira de superficie galega compite en igualdade de condicións que outras flotas pesqueiras dedicadas á captura de quenlla?
- Cales foron as actuacións levadas a cabo pola Consellería do Mar para defender a este segmento da flota galega?



Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 07/02/2019 18:45:55

María Ángeles Garcia Míguez na data 07/02/2019 18:46:09

Martín Fernández Prado na data 07/02/2019 18:46:17

Alberto Pazos Couñago na data 07/02/2019 18:46:33

Marta Rodríguez Arias na data 07/02/2019 18:47:05

María Soraya Salorio Porral na data 07/02/2019 18:47:16

Daniel Vega Pérez na data 07/02/2019 18:47:30

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



Á Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, Marián García Míguez, Martín Fernández Prado, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

Hai escasos días, representantes do sector dos buques cerqueiros de Galicia sinalaban que afrontan 2019 coa certeza de que vai ser máis difícil que o 2018 ante a falta de cotas nalgunhas das súas principais especies: a xarda, que se reduciu nun 20%; a sardiña, que será, como moito, igual que no 2018; e o cabalón, que cada ano vai a menos. As dúas especies nas que os cerqueiros teñen as súas esperanzas postas son o xurelo e a anchoa.

Estes representantes sinalaban, con relación á xarda, que a súa captura vai resultar anecdótica pola escaseza. No tinxinte á sardiña, manifestaban as súas dúbidas pola falla de claridade sobre cal será a cota, pero prevese que se manterá en termos do 2018. Alén disto, apuntaba a que, pola contra, o xurelo e a anchoa presentan un mellor estado, xa que hai máis cantidade dispoñible, aínda que non en todos os caladoiros.

Conscientes de que a Xunta de Galicia defendeu ao sector nas negociacións en Bruxelas, co obxectivo de mellorar a evolución das cotas de pesca que propoñía a Comisión Europea, os deputados e deputadas asinantes formulan as seguintes preguntas:

- Como foi a evolución das cotas das principais especies para a frota cerqueira galega?
- Como foi a evolución das descargas e vendas da frota do cerco en Galicia durante 2018?
- Que balance fai da evolución das unidades pesqueiras que conforman a flota de cerco galega?
- Que balance fai da evolución da flota de cerco galega en termos de empregabilidade?



Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2019.

Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 07/02/2019 18:56:14

María Ángeles Garcia Míguez na data 07/02/2019 18:56:26

Martín Fernández Prado na data 07/02/2019 18:56:34

Alberto Pazos Couñago na data 07/02/2019 18:57:15

Marta Rodriguez Arias na data 07/02/2019 18:57:26

María Soraya Salorio Porral na data 07/02/2019 18:57:38

Daniel Vega Pérez na data 07/02/2019 18:57:45

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



Á MESA DO PARLAMENTO

Luís Villares Naveira, Davide Rodríguez Estévez e Carmen Santos Queiruga, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 1.^a**, sobre a situación na que se atopan os bombeiros da cidade de Ourense.

Unha das facianas da seguridade pública é a configuración dun sistema de protección da poboación ante toda caste de incidentes, emerxencias, catástrofes ou calamidades públicas. Trátase de evitar, reducir ou corrixir os danos que estes poidan ocasionar ás persoas, aos bens ou ao medio ambiente, e aí, as administracións teñen que xogar un papel esencial.

É urxente que en Galicia, que tanto sofre polos incendios, as administracións, tanto autonómicas como locais, coiden ao persoal dedicado ás emerxencias, pois xóganse a vida desempeñando o seu traballo. Isto non sucede así no Concello de Ourense, onde o Corpo de Bombeiros se ve ninguneado e denuncia que o Concello ignora as súas peticións en relación a unhas condicións laborais dignas e necesarias e que repercuten no ben xeral da cidadanía.

Os bombeiros do Concello de Ourense levan medio ano reclamando unha solución para súa situación, reivindicando unha serie de cuestións referentes á falta de persoal, á negativa a convocar ofertas públicas de emprego, á falta de inversión de 1.300.000 euros dos fondos da UNESPA, o que conleva escaseza de material, a ausencia de formación e a necesidade da comarcalización.

Ante esta situación, tres bombeiros decidiron iniciar unha folga de fame durante tres días, dende o 4 ata o 6 de febreiro, diante do Concello, para denunciar a súa





situación e instar ao Concello a poñerlle unha solución dialogada, pois o Corpo de Bombeiros precisa máis efectivos para poder realizar a súa labor con dignidade e seguridade, polo que tomaron esta medida de presión sobre o goberno municipal para que cumpra os seus compromisos e poña en valor o servizo de Bombeiros de Ourense.

En relación ao persoal, no ano 2000 eran 72 bombeiros, mentres que no 2018 eran tan so 52. Actualmente, a media de idade dos bombeiros do parque de Ourense ronda os 50 anos. Dende o ano 2011 non houbo novas incorporacións, mais alá de sete prazas de cabo. Teñen 17 prazas vacantes segundo a Relación de Postos de Traballo (RPT) do Concello, e non se convocan ofertas de emprego para poñerlle solución, o que provoca situacións perigosas como as acontecidas no verán, onde so seis persoas están de servizo: unha encargada da sala de comunicacións, outros dous son mandos, e tres persoas para traballar.

O déficit de persoal no servizo de bombeiros de Ourense é un mal crónico dos últimos anos. Ourense ten a metade de bombeiros que a rateo recomendada por Europa, pois hai 52 no servizo municipal, estando a cobertura moi por debaixo dos 80 efectivos recomendables segundo os profesionais e moi afastada da cifra ideal que establecen a Unión Europea e a Dirección Xeral de Protección Civil e Emerxencias, que aconsellan un profesional por cada 1000 habitantes. A falta de efectivos no Corpo provoca falta de organización no servizo, pois non poden formarse, que é algo básico, nin desfrutar dos seus días libres. Non piden aumentos salariais, senón organización do servizo, medios e efectivos.

Os bombeiros tamén reclaman a comarcalización do servizo, que afectaría a 15 concellos (máis da metade da provincia), o que suporía a redución do tempo estimado de resposta ante calquera incidencia neses concellos limítrofes, que se estima nuns vinte minutos como máximo. Ademais, dotaría ao parque de Ourense, segundo estimacións, con 15 ou 20 prazas máis de bombeiros.





A comarcalización dos servizos de bombeiros xa se estaba preparando o ano pasado, onde a Xunta de Galicia, a Deputación de Ourense e a FEGAMP mantiveron diversos encontros, tamén con representantes de todos os concellos implicados, sen chegar a facerse inda efectiva.

De producirse a comarcalización, o parque de bombeiros da cidade atendería aproximadamente a 47.000 persoas, aparte da veciñanza da cidade. Recibirían atención directa Ourense, Amoeiro, Barbadás, Coles, Paderne de Allariz, A Peroxa, Taboadela, Toén e Vilamarín, e Esgos, Maceda, A Merca, Nogueira de Ramuín, Pereiro de Aguiar e San Cibrao das Viñas terían o servizo de forma complementaria.

As previsións que a Xunta manexaba eran que a finais de 2018 o servizo estivera totalmente en marcha. Luís Menor chegara a afirmar, o pasado ano, que a falta de persoal, recoñecida pola propia administración, era o que impedía que se puidera poñer a medida en marcha inmediatamente. Alfonso Rueda tamén comentara, a mediados do ano pasado, que a comarcalización do parque de bombeiros de Ourense era cuestión de vontades, asegurando que era unha moi boa solución, que optimizaba recursos públicos e promovía unha mellora substancial para moitas persoas que non tiñan un servizo garantido. A día de hoxe, o problema segue sen estar solucionado.

En relación ao material os bombeiros reclaman unha inversión que, actualmente está parada, sen que saiban o motivo, de 1,3 millóns de euros en material e equipamento procedentes da Unión Española de Entidades Aseguradoras e Reaseguradoras (UNESPA).

Debido a esta situación co financiamento, traballan nunha precariedade material absoluta, sen o equipamento axeitado ou en mal estado de conservación. É dicir, sen os medios adecuados para o correcto desenvolvemento do seu traballo. Aseguran que teñen vehículos de vinte anos, e os máis novos, de 14, comezan a





ter avarías. Non están preparados para facer fronte a intervencións acuáticas porque teñen os escafpíns e o neopreno rotos, non teñen luvas, etc.

Aseguran que as súas reivindicacións non son só polos bombeiros, senón que o máis importante é a seguridade da cidadanía, pois como bombeiros saben o que pode pasar se sucede algo grave, saben que a cidade precisa un corpo de bombeiros que poida traballar, con recursos humanos e materiais.

Polo exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1.^a

1. Ten previsto a Xunta de Galicia mediar para buscar unha solución, entre todas as partes implicadas no conflito do servizo de bombeiros de Ourense, instando ao Concello a dialogar co colectivo.
2. Instará a Xunta ao Concello para que proceda á cobertura das vacantes da RPT, mediante a convocatoria dunha oferta pública de emprego.
3. Instará a Xunta ao organismo competente para o desbloqueo dos fondos da UNESPA, que permitan solventar as fallas materiais requiridas.
4. Ten previsto a Xunta velar polo cumprimento do PLADIGA, o PLATERGA, e os diversos plan de emerxencias.

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2019.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Luís Villares Naveira

Carmen Santos Queiruga

Deputados e deputada do G.P. de En Marea.





Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 07/02/2019 20:04:50

Luis Villares Naveira na data 07/02/2019 20:04:57

Carmen Santos Queiruga na data 07/02/2019 20:05:03



Á Mesa do Parlamento

Raúl Fernández Fernández e Xoaquín Fernández Leiceaga, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**.

En 1991, no Diario Oficial de Galicia número 197, do 11 de outubro, saíu publicado o Decreto 322/1991, do 4 de outubro, polo que se declara de utilidade pública e interese social a urxente execución da concentración parcelaria da zona de Santa Marta de Vilvestro II, no concello de Santiago de Compostela.

Pese a estar declarada como urxente, non foi ata o DOG núm. 240, do 10 de decembro de 2009, que se publicou a Resolución do 11 de novembro de 2009, do Departamento Territorial da Coruña da Consellería do Medio Rural, pola que se anuncia a aprobación das bases definitivas da zona de concentración parcelaria de Vilvestro II-Figueiras II, no concello de Santiago de Compostela.

Transcorridos mais de 25 anos dende o inicio da concentración parcelaria esta aínda non rematou. Debido a esa situación, os e as propietarias dos terreos non poden reiniciar as actividades vinculadas ao monte como cultivar e producir.

Ademais, existe o agravante de que esa zona é considerada como de alta actividade incendiaria segundo o Pladiga e, en consecuencia, require unha especial atención e vixilancia. A dificultade de acceso a algunhas das parcelas da zona, dificulta, ou incluso imposibilita, o acceso de maquinaria. Iso aumenta as posibilidades de incendio, debido a dificultade de retirar a biomasa forestal, e perden a capacidade produtiva da terra.

Por todo o anterior, os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cales son as causas da demora no proceso de concentración parcelaria do monte nas parroquias de Figueiras e Vilvestro, no concello de Santiago de Compostela?
2. É coñecedor o Goberno galego da situación que están a sufrir as persoas propietarias solicitantes da concentración parcelaria?
3. Que medidas vai adoptar o Goberno galego en relación á concentración parcelaria do monte nas parroquias mencionadas?



4. Cales e cantos procedementos de concentracións parcelarias están aínda en trámites? Cando prevé a Xunta de Galicia que se van realizar?
5. Cando prevé a Xunta de Galicia que se realizará, definitivamente, a concentración parcelaria nas parroquias de Figueiras e Vilvestro? Cal é o cronograma de actuacións?
6. É consciente a Xunta de Galicia das perdas económicas, sociais e medioambientais que supón a demora na concentración parcelaria das parroquias de Figueiras e Vilvestro?

Pazo do Parlamento, 6 de febreiro de 2019

Asdo.: Raúl Fernández Fernández
Xoaquín Fernández Leiceaga
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Raúl Fernández Fernández na data 08/02/2019 09:26:07

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 08/02/2019 09:26:13



Á MESA DO PARLAMENTO

Julia Torregrosa Sañudo e Manuel Lago Peñas, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 3.^a**

O mercado laboral non mellora para os desempregados de maior idade. No ano 2008, en España contabilizábanse 220.300 persoas sen emprego de máis de 55 anos, que supoñían o 7% do total dos parados. A día de hoxe, a cifra ascende aos 497.400, o 15% do total. A situación é análoga en Galicia. En 2008, os desempregados maiores de 55 anos eran 11.100, o 8,7% do total da comunidade. Hoxe son 23.500, o 15,8%.

A situación é particularmente crúa para os maiores de 60 anos. 15.840 suman xa máis dun ano sen estar ocupados, segundo apuntan as cifras subministradas pola Consellería de Economía, Emprego e Industria ao Instituto Galego de Estatística. Así, constitúen por vez primeira o grupo máis nutrido de desempregados de longa duración na comunidade: o 21,1% de 75.076.

Que isto aconteza ao mesmo tempo que descende o paro xeral de longa duración –un 11,4%– é moi significativo, e fai pensar que existe un problema específico á hora de reinsertar no mercado laboral ás persoas maiores. O principal risco que isto entraña é que moita xente remate a súa vida con pensións miserentas.

Por que sucede isto? Son moitas as razóns, pero cómpre subliñar polo menos dúas.





- Por unha banda, a sociedade envellece cada vez máis, polo que é normal que as persoas maiores teñan máis peso sobre o total dos que buscan emprego.
- Por outro lado, as persoas maiores son obxecto dunha discriminación sistemática froito dos prexuízos que se teñen delas. Os datos son moi esclarecedores neste punto. Máis da metade dos currículos dos profesionais maiores de 55 anos son descartados de maneira automática polos recrutadores, xa que entenden que as súas competencias están desfasadas e terían problemas para encaixar cos traballadores mozos. Tanto é así que 7 de cada 10 responsables de recursos humanos admiten non ter seleccionado ningún traballador de máis de 55 anos durante o último ano.

Ante estes datos, o director xeral da Fundación Adecco, Francisco Mesonero, advertiu de que a actual situación “non só é un contrasentido demográfico, senón que supón unha diminución da competitividade para as empresas que, ao renunciar ao talento experto, se están cerrando a un público estratéxico, cada vez máis numeroso”. Alertou tamén do “grave perigo que a discriminación por idade supón para o noso Estado de Benestar; unha sociedade envellecida onde o relevo xeracional é deficitario, a contratación de maiores de 55 anos convértese nunha necesidade imperante. Están en xogo as nosas máis queridas conquistas sociais e o mensaxe non pode ser máis claro: as pensións non estarán garantidas sen natalidade nin emprego senior de calidade”. É por iso que entende que “o empoderamento dos seniors ten que ser un asunto de Estado: os poderes públicos deben actualizar as políticas activas de emprego para equiparar aos maiores de 55 anos cos máis mozos en materia de formación, de modo que a súa experiencia sexa un valor engadido”.





A Xunta de Galicia ten que rematar coa precariedade que existe entre as persoas maiores de 55 anos e, para iso, ten que garantir a súa empregabilidade con formación continua de calidade.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 3.^a

- Que avaliación fai o Goberno da Xunta de Galicia do desemprego que sofren as persoas maiores de 55 anos?
- Que responsabilidade ten o Goberno galego na súa situación de desemprego?
- Que fixo ata o de agora para defender a súa empregabilidade?
- Por que non funcionou?
- Que pensa facer no futuro ao respecto?

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2019.

Asdo.: Julia Torregrosa Sañudo

Manuel Lago Peñas

Deputada e deputado do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Julia Torregrosa Sañudo na data 08/02/2019 09:58:04

José Manuel Lago Peñas na data 08/02/2019 09:58:14



Á MESA DO PARLAMENTO

Julia Torregrosa Sañudo e Manuel Lago Peñas, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 3.^a**

As condicións laborais dos autónomos galegos levan anos deteriorándose sen que Feijóo saiba que facer. Os traballadores por conta propia non só padecen un desamparo institucional severo que lles dificulta levar a cabo as súas tarefas, senón que, ademais, afrontan enormes dificultades para desfrutar dos seus dereitos.

Así, non é de estrañar que Galicia encabece a lista de comunidades que máis autoempregos destrúen en España. Cada día, pechan a porta na nosa comunidade 10 negocios conducidos por autónomos. Segundo a Asociación de Traballadores Autónomos, 2018 foi xa o cuarto ano consecutivo no que se perderon autónomos en Galicia.

Para evitar que no ano 2019 volva acontecer o mesmo, a Xunta de Galicia debería facilitar axudas aos traballadores autónomos, non poñerlles aínda máis dificultades.

Na actualidade, existen axudas autonómicas e municipais que teñen por obxecto apoiar ás persoas desempregadas que pretenda desenvolver a súa actividade empresarial ou profesional en Galicia como traballadoras autónomas ou por conta propia, para facer fronte aos distintos gastos xerados no comezo da súa vida laboral. O problema é que as axudas económicas son exiguas e, aínda por riba, incompatibles entre si, de tal xeito que se un traballador ou traballadora





percibe a axuda autonómica despois de que se lle concedera a axuda municipal, ten a obriga de devolver a segunda aboando os xuros correspondentes.

Tendo en conta a situación de precariedade na que se atopan gran parte dos autónomos galegos, é incompresible que as poucas axudas que teñen á súa disposición sexan incompatibles entre si. Os traballadores por conta propia merecen o respaldo firme de tódalas institucións públicas para poder levar a cabo as súas labores, que benefician e enriquecen ao conxunto do país.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 3.^a

- Que lle parece á Xunta de Galicia que as axudas autonómicas e municipais que teñen por obxecto apoiar ás persoas desempregadas que pretenden desenvolver a súa actividade empresarial ou profesional en Galicia como traballadoras autónomas sexan incompatibles entre si? Que lle fai pensar que iso favorece a consolidación de novos autónomos?
- Como explica a actual sangría de autónomos en Galicia? En que medida é responsabilidade do Goberno da Xunta? En que medida é causa da ausencia dun apoio institucional adecuado? Que pensa facer para solucionala?

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2019.

Asdo.: Julia Torregrosa Sañudo

Manuel Lago Peñas

Deputada e deputado do G.P. de En Marea





Asinado dixitalmente por:

Julia Torregrosa Sañudo na data 08/02/2019 10:04:30

José Manuel Lago Peñas na data 08/02/2019 10:04:38



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, Eva Solla Fernández e Luís Villares Naveira, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5.^a**

O 14 de xaneiro de 2019 o persoal do PAC e do Centro de Saúde de Chantada rexistrou, dirixido ao Xerente da EOXI de Lugo, un escrito de denuncia sobre diversas deficiencias do centro, que non foi respostado a día 7 de febreiro de 2019.

O persoal dos centros fíxonos chegar o prego de queixas a este grupo parlamentario.

Resumimos as denuncias do persoal a continuación.

Mala calidade dos produtos subministrados pola plataforma loxística integral.

Non subministro de produtos necesarios para a actividade asistencial, como espátulas de ollos ou pegamento de feridas.

Trabas administrativas para solventar problemas cos pedidos de material.

Insuficiencia do material subministrado.

Non comunicación axeitada da lista de códigos por parte de subministrados; falta de actualización e remisión de cambios nos produtos.





Falta da estación meteorolóxica necesaria para a realización de espirometrías.

Só hai unha toma de osíxeno.

Falta de baño no PAC.

Só existe un pulsímetro pediátrico, compartido por PAC e centro de saúde.

Falta de impresoras.

Monitores pequenos.

O persoal reclama a necesidade da figura de coordinador/a de Atención Primaria en Chantada.

Polo exposto, as deputadas e deputado que subscriben formulan as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 1.^a:

1. Non considera a Xunta unha burla ao persoal do PAC e Centro de Saúde de Chantada que non se responda oficialmente dende a EOXI ao seu escrito de denuncia?
2. Como valora a Xunta o empeoramento da calidade do material sanitario subministrado?
3. Que vai facer a Xunta ante as deficiencias de material e instalacións detectadas no PAC e Centro de Saúde de Chantada?





4. Vai a Xunta repoñer o material solicitado polo persoal do Centro de Saúde e PAC de Chantada?

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Luís Villares Naveira

Eva Solla Fernández

Deputadas e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 08/02/2019 10:47:34

Luis Villares Naveira na data 08/02/2019 10:47:41

Eva Solla Fernández na data 08/02/2019 10:47:48



Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez, Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª.

O 13 de abril de 2007, publicábase no Diario Oficial de Galicia a Lei de traballo en igualdade das mulleres de Galicia. Unha lei consensuada coas organizacións sindicais e empresariais, cos municipios, coas asociacións de mulleres, coa sociedade civil.

Unha lei dirixida a mellorar a calidade de vida das mulleres e ampliar os límites da democracia. Unha iniciativa que partiu da base de que a metade da poboación, as mulleres, cada día están máis formadas culturalmente, máis cualificadas profesionalmente e máis decididas a participar en igualdade no sectores produtivos. E que, pola contra, son as que sofren prexuízos relacionados coas súas responsabilidades dentro e fóra do centro de traballo.

Unha lei que avanza propostas para introducir a igualdade de forma transversal na esfera laboral, que aposta pola plena incorporación das mulleres en clave de igualdade no mundo do traballo e da empresa, que considera a mulleres e homes imprescindibles para o crecemento económico e para o incremento do tecido produtivo.

Porque nelas recaen na meirande parte dos casos as obrigas familiares que dan lugar ao que se denomina xornada interminable. Así mesmo, a visión negativa e falsa de que a maternidade supón unha baixa produtividade e absentismo laboral. De aí o teito de cristal que impide na práctica que as traballadoras accedan a postos de responsabilidade e decisión e, polo tanto, de maior retribución e status profesional.

Desde o Grupo Socialista entendemos que a igualdade salarial resulta crucial nas políticas de igualdade, dado que o abarca todo nesta política: segregación de espazos, repartición do tempo, valor asignado ao traballo e identidade de xénero. E tamén porque a superación da fenda salarial entre homes e mulleres está directamente condicionada polas políticas económicas, produtivas, de emprego, educativas e sociais nas que estas se inscriben.



A desigualdade salarial supón que as mulleres na nosa comunidade autónoma sexan vítimas dunha intolerable fenda salarial. Con datos de 2016, os últimos valores dispoñibles da Enquisa Anual de Estrutura Salarial publicada polo INE en data 29 de maio de 2018, o salario medio anual das traballadoras galegas é de un 23,05 % inferior ao dos homes. En Galicia a ganancia anual dos homes é de 23.774,21 € mentres que a das mulleres é de 18.294,47 €. Hai, polo tanto, unha diferenza de retribución de 5.479,74€ nas retribucións entre homes e mulleres. Aumentando esta fenda salarial con respecto a 2015 no que a diferenza se situaba en 5.096,50 € anuais, cobrando as mulleres un 21,98 % menos que os homes.

Desde o Grupo Socialista consideramos que esta preocupante situación require intensificar os esforzos para a posta en marcha de accións positivas concretas que eliminen as diferenzas nas condicións de traballo e, en particular, na remuneración entre homes e mulleres.

Tendo en conta os obxectivos recollidos na actual lexislación vixente, as deputadas e o deputado que asinan preguntan:

Que medidas está a adoptar o Goberno galego para combater a fenda salarial que sofren as mulleres en Galicia?

Pazo do Parlamento, 7 de febreiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 08/02/2019 10:39:20

Noela Blanco Rodríguez na data 08/02/2019 10:39:30

Julio Torrado Quintela na data 08/02/2019 10:39:43



Á Mesa do Parlamento

Abel Losada Álvarez, María Dolores Toja Suárez e Patricia Otero Rodríguez, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo**.

O día 6 de febreiro as 7:30 horas da mañá, a cuberta da lonxa de Canido (Vigo) desplomouse dúas horas antes de iniciar a súa actividade diaria. Os socialistas lamentamos a lentitude na resposta da Xunta de Galicia, e especialmente do seu presidente, ante este grave accidente, coa caída do tellado dun edificio de competencia autonómica.

Accidente que puido ter dramáticas consecuencias persoais se chega a acontecer un par de horas máis tarde. Consideramos especialmente grave que a Confraría de Pescadores de San Francisco de Vigo leve meses advertindo e alertando á Xunta de Galicia do mal estado da instalación e o Goberno de Feijóo non dera resposta algunha. Despois do sinistro, os bombeiros de Vigo tiveron que actuar na zona para retirar os cascotes e crear un perímetro pechado de seguridade.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Existe algún protocolo de actuación por parte da Xunta de Galicia para avaliar a situación das infraestruturas portuarias e auxiliares da súa competencia?
2. De non existir, non consideran unha temeridade a falla do mesmo?
3. Coñecía a Xunta de Galicia as denuncias que a Confraría de Pescadores de San Francisco de Vigo levaba meses facendo para alertar á Administración autonómica do mal estado da instalación da Lonxa de Canido no concello de Vigo?
4. Tiña tomado algunha medida ao respecto?
5. De telas tomado, cales foron esas medidas?
6. Cando se decidiron?



7. Quen o decidiu?

8. Por que nas primeiras 24 horas despois do accidente, o presidente de Portos de Galicia non se acercou a lonxa siniestrada?

9. Cal vai a ser o protocolo de información á Confraría de Pescadores e á cidadanía de Vigo?

Pazo do Parlamento, 8 de febreiro de 2019

Asdo.: Abel Losada Álvarez
María Dolores Toja Suárez
Patricia Otero Rodríguez
Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 08/02/2019 12:56:05

María Dolores Toja Suárez na data 08/02/2019 12:56:12

Patricia Otero Rodríguez na data 08/02/2019 12:56:17





Respecto á viaxe realizada polo Presidente da Xunta de Galicia a Nova York, o Conselleiro de Industria declarou no pleno do día trece de febreiro que se asinou durante esta estancia un acordo co *Institute of Fine Arts* polo que se realizaría un simposio dedicado a promover o Camiño no ano 2020 en visión ao ano Xacobeo 2021 pero, en cambio, non aclarou cales son os puntos concretos nos que consiste o convenio ou os custos económicos que este suporá para a Xunta.

Polo exposto anteriormente o Grupo Parlamentario de En Marea realiza as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

- En que consiste exactamente este convenio?
- Sabe a día de hoxe a Xunta de Galicia o desembolso que suporá de cartos públicos este simposio?
- Houbo máis asinantes a este convenio que a Xunta e a Universidade de Nova York?
- Que expertos formarían parte?

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2019.



Asdo.: Luís Villares Naveira
Carmen Santos Queiruga
Deputado e deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 14/02/2019 12:19:13

Carmen Santos Queiruga na data 14/02/2019 12:19:22



Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez, José Manuel Pérez Seco e Abel Fermín Losada Álvarez, deputada e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª.

A empresa Vodafone conta con dous centros de traballo en Galicia, un sito na Coruña e outro en Vigo.

Desde o ano 2012 a empresa aplicou varios expedientes de regulación de emprego:

- Ano 2012: ERE de 15 días, co fin segundo a empresa, de evitar un ERE.
- Ano 2013: ERE que finaliza co despido de 960 traballadores a nivel estatal e con 27 postos de traballo na Coruña e 28 en Vigo.
- Ano 2015: ERE que implicou o despido de 1.056 traballadores a nivel estatal, afectando a 9 traballadores da Coruña e 28 de Vigo.
- Ano 2019: O pasado 24 de xaneiro a empresa anunciou un novo ERE, que afecta, en principio, a 1.198 traballadores a nivel estatal, sendo 8 deles do centro de traballo da Coruña e 32 do centro de Vigo.

En 2012 o centro de traballo de Vodafone en Vigo contaba con 224 traballadores, quedando a día de hoxe 126, e de darse o ERE coas condicións anunciadas, quedarían só 94 traballadores. En 2012 no centro da Coruña había 85 operarios, a día de hoxe 55, e co ERE de 2019 quedarían en 47. Perdéndose por tanto, desde o 2012 máis dun 54 % dos postos de traballo de Vodafone en Galicia, afectando este novo ERE a un 23 % do cadro de persoal que a empresa ten en Galicia.

Segundo os sindicatos o número de despedimentos é desproporcionado e inxustificable co único interese de aumentar beneficios de forma inmoral e pouco ética.

A Xunta de Galicia prorrogou en xullo de 2018 o contrato do servizo de telecomunicacións ata febreiro de 2021, sendo a adxudicataria do servizo de telefonía móbil a operadora Vodafone.

A empresa Vodafone, xunto con Orange e Telefónica, asinaron o pasado 6 de novembro de 2018, un convenio de colaboración con Amtega e a operadora



pública Retegal, no que se plasmaba o compromiso das tres operadoras de telecomunicacións de desenvolver un mínimo de 6 prototipos baseados na tecnoloxía 5G entre 2019 e 2020. A posta en marcha deste proxecto é a primeira das medidas do Plan Galicia 5G para situar Galicia como territorio preferente na pilotaxe de solucións innovadoras nesta materia, segundo a propia Xunta de Galicia.

Por iso a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Ten valorado o Goberno galego o impacto que este novo ERE de Vodafone pode ter nos contratos que a Xunta de Galicia ten asinados coa empresa Plan Galicia 5G e contrato de telefonía móbil, así como as posibles medidas a adoptar como cliente da dita compañía?

2ª) Ten realizado o Goberno galego algunha actuación ante o anuncio dun novo de ERE de Vodafone, que pode afectar a 41 traballadores dos centros de Vigo e A Coruña?

Pazo do Parlamento, 14 de febreiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 14/02/2019 12:52:54

Jóse Manuel Pérez Seco na data 14/02/2019 12:53:05

Abel Fermín Losada Álvarez na data 14/02/2019 12:53:15



Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez e Francisco Casal Vidal, deputada e deputado do Grupo Parlamentar de En Marea ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6.^a**

Continuamente a Xunta de Galicia ante calquera pregunta ou iniciativa dos grupos da oposición, que teñan a ver con demandas de mellora e impulso do comercio, resposta cos compromisos recollidos no Plan estratéxico 2015-2020 de impulso ao comercio galego, que segundo o goberno pretende incrementar a competitividade, impulsar a dixitalización e potenciar a súa excelencia.

Este Plan estratéxico, que xa pasou o seu ecuador e que afronta a súa recta final, fronte aos datos do sector semella non ter funcionado, polo que compre analizar a avaliación do mesmo para non incidir nos erros e poder mudar as políticas de xeito que axudemos de mellor forma ao sector comercial galego.

Así, por exemplo, este cadro do Ige coloca ao sector comercial galego como o sector con maior número de concursos no 2018, aínda con datos provisionais.

Empresas concursadas por actividade económica principal (CNAE-09)

	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018
Total	43	50	51	171	274	295	410	501	532	447	304	265	237	189
Agricultura e pesca	0	1	0	5	6	4	1	2	4	10	7	3	5	0
Industria e enerxía	14	15	15	42	76	81	106	134	115	80	40	38	39	33



Energía	0	0	1	0	2	2	2	3	5	1	1	1	0	0
Construción	14	8	8	60	98	86	128	157	174	115	75	49	58	41
Edificios e promoción inmobiliaria	9	3	2	47	72	65	81	108	119	73	53	38	42	28
Resto	5	5	6	13	26	21	47	49	55	42	22	11	16	13
Comercio	9	12	14	34	49	64	84	106	111	80	69	62	50	43
Transporte e almacenamento	0	2	6	5	13	17	28	20	19	25	18	7	7	11
Hostalaría	1	2	0	2	0	6	5	12	11	15	18	16	16	12
Información e comunicacións	0	0	0	1	1	4	2	1	6	9	3	1	3	6
Inmobiliarias financeiras e de seguros	0	0	1	7	2	4	3	4	8	8	5	5	10	6
Actividades profesionais e técnicas	1	3	1	4	9	9	15	21	27	29	19	17	10	11
Actividades administrativas e servizos auxiliais	2	2	0	3	2	3	9	15	15	14	14	14	10	8
Resto de servizos	2	3	5	4	5	6	14	9	18	23	12	32	11	8
Sen clasificar	0	2	1	4	13	11	15	20	24	39	24	21	18	10

Así o último informe do Foro Económico Galego resaltaba que entre as actividades que mostraban un deterioro ou ralentización no seu ritmo de crecemento no final do 2018, destacaban o comercio, descenso moito máis acusado se falamos do pequeno comercio ou eliminando a variable de comercio exterior.

O último dato que ratifica as nosa afirmacións é o descenso de empresas do comercio dende o 2008 pasando dun 26,5% do total a un 23,9% no comezo do 2018. Incluso cun descenso de máis de 1.500 no período que corresponde o Plan estratéxico



Cadro nº 3- Distribución das empresas atendendo aos sectores.

	2008*	% 2008	2014*	% 2014	2018*	% 2018
Industria	15.350	7,5	12.676	6,6	12.970	6,5
Ind. manufactureira	14.308	7,0	11.637	6,1	11.891	5,9
Construción	37.707	18,5	29.475	15,4	29.686	14,8
Comercio	53.990	26,5	49.542	25,8	48.081	23,9
Resto servizos	96.327	47,4	100.052	52,2	110.064	54,8
TOTAL	203.374	100	191.745	100	200.801	100

*Dato correspondente a 1 de xaneiro de cada ano

Polo exposto anteriormente o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- 1.^a) Que avaliación fai o Goberno galego dos resultados deste Plan estratéxico?
- 2.^a) Cal foi o número de empresas comerciais creadas durante o período de vixencia do Plan?
- 3.^a) Cal foi o número de empresas beneficiarias das axudas contempladas no Plan?
- 4.^a) Cal foi o número de acción de promoción do produto autónomo ou artesanal realizadas?
- 5.^a) Cal foi o número de accións formativas realizadas para mellorar a profesionalización?
- 6.^a) Cal foi o número de remudas comerciais impulsadas?
- 7.^a) Cal é o número de visitas á plataforma de relevo comercial?
- 8.^a) Cal é número de comercios asociados?
- 9.^a) Cal é o número de accións de adecuación física de espazos comerciais realizados?





- 10.^a) Cal é o número de accións de cooperación co sector turístico realizadas?
- 11.^a) Cal é o número de accións innovadoras realizado?
- 12.^a) Cal é o número de actuacións de mellora da imaxe realizada en establecementos comerciais?
- 13.^a) Cal é o número de ordenanzas de prazas de abastos actualizadas?
- 14.^a) Cal é o número de actuación de mellora da imaxe de mercados ambulantes e mercados realizadas?
- 15.^a) Cal é o número de web comercias creadas?
- 16.^a) Cal foi o número de guías on line desenvolvidas?
- 17.^a) Cal é o número de comercios adheridos ao sistema arbitral de consumo?

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Francisco Casal Vidal

Deputada e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 14/02/2019 13:38:32

Francisco Casal Vidal na data 14/02/2019 13:38:45



Á Mesa do Parlamento

Julia Rodríguez Barreira, María Antón Vilasánchez, Teresa Egerique Mosquera, César Fernández Gil, Carlos Gómez Salgado, Isabel Novo Fariña, Antonio Mouriño Villar e Encarna Amigo Díaz, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e corcondantes do regulamento da Cámara, presentan a seguinte **pregunta oral en Comisión 4ª Educación e Cultura**.

A Igrexa de San Vicente do Pino, forma parte do conxunto monumental de San Vicente, concretamente do seu noutrora Mosteiro, hoxe Parador, que se ergue sobre o Val de Lemos, na cima do Monte de San Vicente.

Trátase dunha Igrexa de estilo renacentista no seu exterior, no que destaca o seu campanario, pero na que domina o gótico de transición no seu interior. Con pranta de cruz latina, o tramo maior está composto por unha sola nave con ábside, cunha lonxitude deste corpo principal de 50 metros, dos que 9 corresponden ao presbiterio. A súa anchura é de 10 metros, e os brazos do cruceiro contan con ábsides na mesma posición que o central.

Este templo, que durante séculos formou parte do Mosteiro de San Vicente, ocupado por monxes beneditinos, integra un conxunto patrimonial de primeiro orden, como é o legado dos Condes de Lemos.

A Consellería de Cultura ven de levar a cabo nos últimos anos unha serie de actuacións de rehabilitación no templo, concretamente sobre o cruceiro, que permitiron a recuperación e limpeza de carpinterías, rexas, ou vidrieiras entre outras.

E sabido que a Igrexa de San Vicente precisa doutras actuacións urxentes no seu interior, concretamente, a recuperación das pinturas murais, os retablos e a nave do templo, moi afectadas polas filtracións e humidades que levan anos afectando á edificación.

Precisamente, para evitar esas filtracións, a Xunta de Galicia, está a revocar o exterior da Igrexia de San Vicente, concretamente a fachada sur do edificio, que nunca foi reparada, dende a súa construción. Estas obras, resultan determinantes para poder acometer actuacións imprescindibles no interior do templo, que serán asumidas polo Instituto de Patrimonio Cultural de España.



Dado que estas obras, que comezaron o pasado mes de agosto, están a piques de rematar, e a fin de coñecer as peculiaridades deste proceso de rehabilitación, e o alcance das actuacións que se van a levar a cabo no interior do templo, os deputados e deputadas asinantes formulan as seguintes **preguntas orais en comisión**:

- 1.- Qué grao de degradación presentaba a fachada sur da Igrexa de San Vicente do Pino (Monforte de Lemos), e que peculiaridades presentou o proceso de revocación da mesma que se está acometendo?
- 2.- Qué prazos se barallan para o remate das obras no exterior da Igrexa?
- 3.- Qué prazos se consideran para o inicio das actuacións que no interior do templo levará a cabo o Ministerio de Cultura e en qué consistirán as mesmas?

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2019.

Asinado dixitalmente por:

María Julia Rodríguez Barreira na data 14/02/2019 13:52:57

Maria Antón Vilasánchez na data 14/02/2019 13:53:59

Teresa Egerique Mosquera na data 14/02/2019 13:54:07

César Manuel Fernández Gil na data 14/02/2019 13:54:23

Carlos Gómez Salgado na data 14/02/2019 13:54:31

María Isabel Novo Fariña na data 14/02/2019 13:55:35

Antonio Mouriño Villar na data 14/02/2019 13:56:00

María Encarnación Amigo Díaz na data 14/02/2019 13:56:16



Á Mesa do Parlamento

María Luisa Pierres López, Luís Manuel Álvarez Martínez e Patricia Vilán Lorenzo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

O dereito de adquisición preferente por parte da Administración nas posibles transaccións no caso de vivendas protexidas ten por obxecto contar coa posibilidade de control sobre a regularidade das transmisións realizadas, así como dotarse dun mecanismo para a obtención dun parque de vivendas vinculadas a políticas sociais e para atender a situacións de necesidades socialmente perentorias. Este dereito pode ser invocado pola Administración autonómica, tal e como se recolle na actualidade no artigo 75 da *Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia*, cando establece que “o *Instituto Galego da Vivenda e Solo terá dereito de tenteo e retracto sobre as vivendas protexidas e os seus anexos mentres dure o réxime de protección, nas segundas e posteriores transmisións inter vivos, sexan gratuítas ou onerosas, incluídas as derivadas de procedementos de execución patrimonial*”, regulando a continuación o procedemento para levalo a efecto.

No último pleno sobre Debate anual de política xeral, aprobouse por unanimidade a resolución pola cal o Parlamento instaba a Xunta de Galicia a impulsar e abrir novos obxectivos na súa política de vivenda comprometéndose ampliar progresivamente o peso do parque de vivenda pública, mediante a promoción de vivendas novas ou rehabilitadas, singularmente naqueles concellos cunha maior demanda non atendida, co obxecto de duplicar o parque de vivenda actual a cinco anos vista, e apostando preferentemente polo réxime de alugamento.

Para poder acadar ese fin, un dos modos máis eficaces sería comezar por evitar a perda de máis vivenda con carácter social e adquirir aquelas vivendas en comunidades ou edificacións que con proteccións oficial, tal que puidesen pasar a formar parte do parque público, como un activo máis, para dedicalas a cumprir coa finalidade social, preferentemente alugándoas a familias de alta vulnerabilidade.

Así como nalgunhas comunidades autónomas ou concellos, os seus gobernos venderon vivendas sociais aos denominados fondos voitre, noutras, como o



exemplo da Comunidade de Canarias, véñse de formalizar a compra de vivendas, precisamente para evitar a situación de alta vulnerabilidade na que quedaban moitas das familias e a recuperación das mesmas para o parque de vivenda pública.

En Galicia, non parece que a Administración autonómica teña decidido optar por esta vía para fornecer o seu parque público de vivendas, pese a existir un número considerable de vivendas con algún tipo de protección, co perigo que elo supón de consentir transaccións especulativas, en lugar de ser adquiridas polo Goberno galego para aumentar o parque de vivendas sociais para poder contribuír a garantir o acceso á vivenda dos colectivos sociais máis vulnerables.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que política promove a Xunta de Galicia en relación á adquisición preferente polo dereito de tanteo e retracto de vivendas protexidas?
2. Cantos casos de compravenda se teñen comunicado dende o ano 2012 de vivendas con protección vixente?
3. En cantos casos se exerceu ese dereito?
4. Realízase algún tipo de seguimento das edificacións antes da súa descualificación da protección oficial?
5. Conta a Xunta de Galicia, con algún tipo de mecanismo para seguir os casos de cada un das persoas arrendatarias logo dos cambios de propiedade das edificacións con vivendas protexidas?
6. Que previsións concretas e cuantificadas contempla o Goberno galego para exercer o dereito de tanteo e retracto na compra de vivendas protexidas para incorporalas ó parque público de vivenda de Galicia no ano 2019 e 2020?

Pazo do Parlamento, 14 de febreiro de 2019

Asdo.: María Luisa Pierres López
Luis Manuel Álvarez Martínez
Patricia Vilán Lorenzo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 46347
Data envío: 14/02/2019 14:10:58.919

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 14/02/2019 14:08:34

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 14/02/2019 14:08:39

Patricia Vilán Lorenzo na data 14/02/2019 14:08:45

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: TIQ0solr51
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Quinteiro Araújo, Carmen Santos Queiruga e Marcos Cal Ogando, deputadas e deputado do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1.^a**

A vida das mulleres está atravesada polas desigualdades e as violencias en todos os ámbitos da súa vida. No que vai de ano, aconteceron máis de dez feminicidios.

No mercado laboral as mulleres continúan a ser as máis precarias, as que teñen maioritariamente os empregos a tempo parcial e as que cobran moito menos. A fenda salarial pasou dun 26,5% no ano 2014, ata un 30% na actualidade.

Ademais o traballo de coidados está moi lonxe de ter un reparto equitativo. As mulleres realizan moitas horas de traballo de maneira totalmente gratuíta e invisibilizada. As políticas de conciliación están sendo totalmente insuficientes, así o amosan os datos que acerca das excedencias por coidados, onde se comprobán que case a totalidade destas son collidas polas mulleres.

Este reparto desigual comeza no momento do nacemento ou adopción das crianzas, xa que os permisos de maternidade e paternidade están lonxe de equipararse.





Ademais, as políticas dos últimos anos de recortes en sanidade, servizos sociais, educación, e dependencia, repercutiron moi negativamente na vida das mulleres, aumentando a carga deste traballo gratuíto.

Os dereitos sexuais e reprodutivos continúan sen respectarse. Recentemente coñeciamos que Galicia está a cola na ratio de matronas, contando con pouco máis de 300 matronas no sistema público, con apenas 0,12 por cada 1000 persoas, cando a media española se sitúa en 0,18. Este é un exemplo que evidencia o desleixo da Xunta de Galicia na atención ás mulleres.

Por todo iso, un ano máis, este 8 de Marzo terá lugar unha folga feminista. Pararanse os coidados, o emprego, o consumo e a vida estudantil e asociativa.

Para reclamar unha vida en liberdade, sen medos, e sen retroceso nos dereitos das mulleres.

Na xornada histórica do 8 de marzo do ano pasado a Xunta de Galicia obstaculizou, de maneira consciente, o libre exercicio do dereito a folga. Os servizos mínimos decretados foron abusivos e esaxerados, sen que responderan a ningún criterio racional, a non ser o de boicotear ao feminismo galego.

Vulnerou este dereito, a lo menos, no centro de emerxencias 112, no Parque das Illas Atlánticas e na CRTVG. Algo totalmente intolerable e do que debe facer autocrítica.

Polo exposto, as deputadas asinantes presentan as seguintes Preguntas á Xunta de Galicia:

1. Van respectar e apoiar a folga feminista do próximo 8 de Marzo?





2. Apoian as reivindicacións expresadas polo movemento feminista na folga do 8 de Marzo?

3. Como valoran as decisións do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia que consideraron inxustificadas os servizos mínimos decretados pola Xunta de Galicia en varios departamentos na folga feminista de 2018?

4. Que medidas levou adiante neste último ano para cumprir coas reivindicacións das mulleres expresadas nas rúas o pasado 8 de Marzo?

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2019.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo

Marcos Cal Ogando

Carmen Santos Queiruga

Deputadas e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 14/02/2019 16:53:49

Carmen Santos Queiruga na data 14/02/2019 16:53:56





Marcos Cal Ogando na data 14/02/2019 16:54:03



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Quinteiro Araújo e Flora María Miranda Pena, deputadas do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do recollido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **PREGUNTA para a súa resposta oral na Comisión 8.^a**

O sector pesqueiro leva anos reivindicando a necesidade dunha mellora na sinalización das bateas en termos de luminosidade para identificar os vértices dos polígonos, xa que unha colisión entre embarcacións contra bateas pode rematar en traxedia como a do pasado abril de 2017, na Illa de Tambo, do *Novo Marcos*.

Na resposta número 46211, remitida polo Goberno galego á iniciativa enviada polo Partido Socialista con número Rexistro de Entrada 37844, sobre “a valoración do Goberno galego en relación coa situación actual do plan de sinalización de bateas comprometido no ano 2015, así como as medidas previstas ao respecto”, comunicase que a principios deste ano Portos de Galicia trasladará á Autoridade Portuaria de Vilagarcía e da Coruña os proxectos de sinalización marítima nos seus ámbitos de competencia, para que emitan os informes vinculantes que lles corresponde, procedéndose con posterioridade á licitación do proxecto.

Polo anteriormente exposto o Grupo Parlamentario de En Marea realiza a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión:



- Ten o Goberno galego algún horizonte temporal para que comece a funcionar o sistema de balizamento?

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2019.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo

Flora María Miranda Pena

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 14/02/2019 17:17:13

Flora María Miranda Pena na data 14/02/2019 17:17:22





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa as medidas a tomar para garantir a seguridade viaria @s veciñ@s de Bamio na PO- 192.

Dende o BNG levamos anos demandando o illamento e abandono no que a Xunta de Galiza ten á parroquia de Bamio. As veciñas e veciños levan anos denunciando esta situación sen obter ningún resultado máis que o intento de lavado de cara da estrada, no mellor dos casos. En pleno 2019 son moitas as persoas que poñen en risco a súa vida por algo tan simple como querer saír camiñando desta parroquia.

O proxecto que no 2008 , segundo a Xunta de Galiza contemplaba unha calzada de dobre sentido de 6,5 metros de ancho, aparcamentos de 2 metros onde fóra posible e beirarrúas a cada lado cun ancho mínimo de 1,8 m rematadas en dez meses, así como medidas de seguridade como a sinalización ou as bandas para controlar a velocidade dos vehículos,; quedouse na construción de beirarrúas raquílicas sen rematar, falta de sinalización e medidas de seguridade, e pasos de peóns e semáforos pelexados polos veciños e veciñas e asumidos polo concello.

Tanto é así que ata o ano 2015 non se consegue que as beirarrúas cheguen ao parque empresarial de Bamio e que na actualidade sigan sen cubrir sequera os límites da parroquia por ambos lados, sendo máis significativo o problema, se cabe, na entrada-





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

saída cara a Carril ou Vilagarcía. Neste tramo, ademais de non rematar coas beirarrúas atopámonos co engadido do perigo inminente que supón a conexión da PO-192 coa PO-548 e o enlace coa Variante Norte que une Bamio-Carril con Baión , sen ningún tipo de acceso peonil. A afluencia de vehículos desta zona increméntase ademais, pola presenza dunha gasoleira.

A perigosidade é inminente non só para as veciñas e veciños de Bamio senón tamén para os doutras parroquias que acoden a diario ao cemiterio, illado tamén e desprovisto dun paso seguro para peóns. Do mesmo xeito, a presenza a escasos metros do ISM, fai que sexan moitas as persoas que a diario transitan por este lugar.

Se a isto lle engadimos o sistema deficitario de transporte público, do que por certo a Xunta ven de excluír á parroquia de Bamio nas melloras, negándolle a posibilidade de entrar na rede circular Carril-Vilaxoán-O Rial; fai que sexan moitas as persoas que se achegan camiñando a Carril para poder coller o autobús a Vilagarcía.

Son miles de vehículos os que circulan de xeito diario por estas vías e ducias de persoas que poñen en risco a súa vida para saír camiñando desta parroquia e o único que fixeron foi: vir botar un pseudoasfalto a finais de outubro que o único que mellorou foi o lanzamento de pedras ás beirarrúas, ás leiras e ás lunas dos coches; e dar unha licenza que tardou máis dun ano para colocar un par de semáforos e pintar un paso de peóns.

Dende o BNG temos claro de que lado estamos e non imos a consentir que se sigan despreziando ás veciñas e veciños do rural, e adoptaremos todas as medidas que estean na nosa man para garantir a seguridade das veciñanza e non ter que lamentar ningunha desgraza.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estas razóns formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en comisión:

Considera que @s veciños de Bamio teñen seguridade vial para transitar pola PO-192?

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 14/02/2019 18:25:36

Ana Pontón Mondelo na data 14/02/2019 18:25:41

Xose Luis Rivas Cruz na data 14/02/2019 18:25:42





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 14/02/2019 18:25:44

Noa Presas Bergantiños na data 14/02/2019 18:25:45

Xosé Luis Bará Torres na data 14/02/2019 18:25:46



Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en **Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG**.

A CRTVG acumula constantes queixas tanto do Comité Intercentros da CRTVG, como das forzas políticas da oposición, de manipulación informativa tanto na radio como na televisión de todos os galegos e galegas nos diferentes telexornais que se emiten ao longo do día. Esta situación mesmo levou aos dous presentadores do Telexornal Serán, Alfonso Hermida e Tati Moyano, a presentar a súa dimisión en xuño deste ano, ao que hai que engadir a mobilización dos venres negros (que xa vai pola súa 38 edición) polo cumprimento íntegro da Lei de medios públicos do 2011, así como a histórica manifestación que percorreu as rúas de Compostela o pasado 8 de setembro, así como os paros convocados nos meses de novembro e decembro de 2018.

Dentro das causas que levan aos traballadores e traballadoras da CRTVG a manter, e mesmo a intensificar nos últimos meses estas mobilizacións, figuran as actitudes represivas e de castigo da Dirección aos profesionais dos medios públicos de Galicia para silenciar as súas críticas contra a manipulación informativa. De feito, o pasado mes de outubro, a causa das protestas do cadro de persoal, a compañía arquivou o expediente que abriera meses atrás á xornalista Tati Moyano, presentadora do Telexornal Serán que dimitiu desta labor xunto a Alfonso Hermida para denunciar control informativo na canle pública e que reivindicara ante o presidente da Xunta as protestas dos venres negros a prol do cumprimento da lei de medios na Televisión de Galicia e na Radio Galega.

Apenas un mes despois da conclusión do proceso contra esta xornalista, dende o Grupo Socialista coñecemos que se abriera un expediente disciplinario ao locutor Carlos Jiménez, empregando a CRTVG un argumento semellante ao que inicialmente empregara contra Tati Moyano: o da compatibilidade do seu traballo na empresa pública con outros traballos. Tratábase dunha nova represalia, que tal e como acontecera no caso de Tati Moyano, a outro traballador que durante estes pasados meses participou de maneira pública e notoria nas mobilizacións contra a manipulación informativa nos medios públicos galegos

Dende o Grupo Socialista tivemos coñecemento, a través dun comunicado feito



público polo comité de empresa da CRTVG este pasado 6 de febreiro, de que a xornalista e presentadora dos informativos da TVG Marga Pazos vén de ser relegada das súas funcións como redactora.

A representación sindical tacha unha vez máis a decisión da directora de Informativos, de "grave represalia" contra Pazos pola súa participación activa nos Venres Negros, a defensa da independencia dos medios de comunicación públicos en Galicia e da lingua galega. Ademais, foi unha das profesionais que participou na folga feminista do 8-M, pola que a compañía foi condenada pola "vulneración deste dereito ao substituír a súa ausencia por outro traballador".

Esta medida chega, segundo informan desde o Comité de Empresa, despois de que á xornalista se lle recoñecese, mediante unha sentenza en primeira instancia, o seu dereito "a percibir o complemento de nivel (de locutora e redactora) despois de quedar acreditado que leva anos desenvolvendo esas funcións".

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cales son os motivos reais polos que a CRTVG relegou recentemente das súas funcións como redactora á presentadora dos informativos da TVG Marga Pazos?
2. Esta decisión ten relación coa participación desta presentadora na folga feminista do 8 de marzo, e nas mobilizacións contra a manipulación informativa existente na CRTVG?
3. Ten previsto rectificar esta decisión?
4. Por que considera que se incrementaron tanto as mobilizacións dos traballadores e traballadoras da CRTVG nestes últimos meses?
5. Considera que dende a Dirección da CRTVG se está fomentando o diálogo cos traballadores e traballadoras, así como cos seus representantes sindicais?

Pazo do Parlamento, 8 de febreiro de 2019

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Julio Torrado Quintela

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2019 13:04:40
Nº Rexistro: 45817
Data envío: 08/02/2019 13:04:40.467

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 08/02/2019 12:52:18

Julio Torrado Quintela na data 08/02/2019 12:52:24

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: TIQ0solr51
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa reposta **oral** en **Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG**.

O domingo 10 de febreiro celebrouse en Santiago de Compostela unha ampla mobilización cidadá en protesta pola xestión do sistema sanitario por parte da Xunta de Galicia, que concentrou a miles de persoas na capital galega. A manifestación prodúcese a continuación doutras que se veñen celebrando nos últimos meses e, particularmente, nas últimas semanas, sobre a mesma cuestión e que constitúen unha das mobilizacións máis amplas dos últimos tempos. De maneira particular cabe destacar que a sanidade ven sendo sinalado en todos estudos e enquisas de opinión como un dos temas que máis importan á cidadanía galega, e que a manifestación de Santiago de Compostela reuniu a persoas de toda a xeografía galega.

No mesmo día celebrouse tamén unha manifestación en Madrid, de carácter estatal, convocada polos partidos políticos Partido Popular, Vox e Ciudadanos á que se sumaron outras organizacións, enténdese que aíns, como Falange Española de las JONS ou a organización neonazi Hogar Social. A convocatoria estaba centrada en aspectos de política nacional.

O Telexornal Mediodía do Fin de Semana, entre unha mobilización galega sobre política galega e unha mobilización estatal sobre política estatal considerou priorizar aquela que se celebrou en Madrid. A priorización non quedou unicamente na prelación da orde de contidos, senón que tivo moitas consideración que evidenciaron un posicionamento a favor de promocionar unha delas e diminuír a importancia doutra. Por poñer algúns exemplos, aínda que existirían numerosos, os propios titulares arrancaron coa manifestación de Madrid e contiveron parte da lectura do manifesto antes de iniciar a propia presentadora, que continuou coa noticia. Nos titulares houbo oco para declaracións de Núñez Feijoo. A parte dedicada a mobilización galega tivo un cuarto de tempo, sen declaracións e sen manifesto.

O tratamento comparativo das noticias continúa a evidenciar un posicionamento, co feito da existencia de ata 5 pezas relativas á temática da política nacional que,



supostamente, provocou a manifestación en Madrid, fronte a 1 soa, de menor tempo, dedicada a mobilización en defensa da sanidade pública galega.

A existencia de numerosas evidencias da priorización e a tendenciosidade na proposta das noticias resulta inaceptable para unha televisión pública que se considere plural, xa que se afasta de todo criterio profesional e vese protagonizado por un criterio obviamente partidista e ideolóxico.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que criterios foron decisivos para a predominancia de información sobre a mobilización producida en Madrid no 10 de febreiro sobre a que se celebrou en Santiago de Compostela sobre o sistema sanitario galego?
2. Considera a CRTVG que a información ofrecida foi tendenciosa?
3. Cree a CRTVG que é razoable agochar a información sobre unha mobilización tan relevante como a producida en Santiago de Compostela en defensa do sistema sanitario público galego?
4. Considera a CRTVG que os criterios utilizados serían utilizados igual noutras circunstancias semellantes?

Pazo do Parlamento, 11 de febreiro de 2019

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 12/02/2019 09:57:37

Noela Blanco Rodríguez na data 12/02/2019 09:57:43





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión de control da CRTVG**, sobre a cobertura informativa da manifestación en defensa da sanidade pública no Telexornal da CRTVG o 10 de febreiro.

O domingo 10 de febreiro de 2019 milleiros de persoas secundaron a manifestación convocada pola plataforma SOS Sanidade Pública en Compostela.

A mobilización tivo lugar nun contexto de enorme conflitividade que se prolonga desde hai meses na sanidade pública. Neste senso, o persoal dos Puntos de Atención Continuada (PAC) están en folga como tamén as traballadoras e traballadores das ambulancias e o persoal das Urgencias do CHUS. Ao mesmo tempo, en numerosos centros de saúde de todo o país o persoal mantén concentracións diarias para denunciar as consecuencias dos recortes na Atención Primaria. Todo isto, despois da renuncia en bloque dunha vintena de xefes de servizo da Área Sanitaria de Vigo o pasado mes de decembro.

Malia todo, no Telexornal do Mediodía, os servizos informativos da TVG relegaron ao minuto 16:56 a información referida á mobilización. Pola contra, a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

televisión pública de Galiza considerou prioritario e merecente dunha maior cobertura informativa a concentración convocada en Madrid pola dereita española (PP – Ciudadanos) e á que se sumaron entre outras, forzas políticas da extrema dereita como VOX, Falange española ou España 2000.

Non só a TVG considerou de maior relevancia para a poboación galega dar conta desta concentración na Praza Colón senón que lle dedicou máis de 10 minutos de telexornal e mesmo conexións en directo no magazine de mañá ‘A Revista’.

En troca, a manifestación en defensa da sanidade pública apenas representou 3 minutos 43 segundos nos que se incluíron declaracións do xerente do Sergas mais non das forzas políticas da oposición, malia desprazar unha equipa e recollelas in situ. Pola contra, Casado, Rivera e Feijóo si tiveron oportunidade de ser escoitados polas galegas e galegos que seguiron os informativos a mediodía.

Á noite, a cobertura foi practicamente idéntica.

Non é a primeira ocasión en que a cobertura dos servizos informativos da Televisión de Galiza en relación á crise na sanidade pública é obxecto de crítica, mesmo nesta Comisión parlamentar de control.

Por todo o exposto, formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión de control da CRTVG:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cre a Dirección Xeral que a misión de servizo público da TVG é
compatíbel con facer de terminal de propaganda do Partido Popular?

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 12/02/2019 11:20:11

María Montserrat Prado Cores na data 12/02/2019 11:20:16

Ana Pontón Mondelo na data 12/02/2019 11:20:17





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xose Luis Rivas Cruz na data 12/02/2019 11:20:18

Noa Presas Bergantiños na data 12/02/2019 11:20:19

Xosé Luis Bará Torres na data 12/02/2019 11:20:21



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO


3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

